


Losada volve a coller un teléfono...

DETRÁS



...Romeu non chama aos sindicatos...

DENTRO



...Caride comunica: TT&U, TT&U

DIANTE

SECUESTRO DO BIPARTITO AOS INTERESES DA MAIORÍA DOS GALEGOS



Inexorables

En agradecimento a la **extraordinaria** acogida que han tenido las candidaturas de la CSIF en las elecciones sindicales celebradas en la pasada primavera, nos hemos animado a afrontar este reto de editar un boletín de periodicidad mensual que canalice todo tipo de información sindical a los funcionarios/as y trabajadores/as de los servicios centrales de la Xunta de Galicia.

Como sabeis la CSIF no es, afortunadamente, un sindicato de clase. Somos el único sindicato de profesionales independientes al servicio de la Administración Pública Gallega y, como tal, nuestro único interés estriba en que los ciudadanos reciban del modo más eficiente los servicios públicos que financian con sus impuestos.

Para que esto sea así resulta necesario que los funcionarios/as y trabajadores/as al servicio de la Administración de la Xunta desarrollen sus cometidos en un **marco estable de relaciones laborales que garanticen el respeto a los derechos individuales y colectivos** que tienen reconocidos por las leyes y que posibiliten la mejora progresiva de sus condiciones retributivas y de trabajo.

Este boletín pretende, en definitiva, hacerse eco de esas legítimas aspiraciones de carácter profesional. Al mismo tiempo pretendemos trasladaros las noticias que os afecten y, desde esa línea de independencia antes aludida, **seremos inexorables en la crítica** con todas aquellas actuaciones de nuestros gobernantes que entendamos que se desvíen o soslayan el marco adecuado en el que deben ejecutarse las políticas de personal.

Por último una explicación sobre el Boletín: Como podeis observar es **trilingüe**, al utilizar el castellano (léase esto), el gallego ("toupeiras") y el inglés ("Herald"). Con ello pretendemos sumar y no excluir; apostar por la pacífica convivencia idiomática; ser respetuosos con la libertad individual de cada uno sin imposiciones y, en definitiva, apostar por la globalización y el progreso (que no la progresía) **en contraposición al aldeanismo propio de sociedades anquilosadas que sólo se miran al ombligo sin preocuparse de proyectarse hacia el exterior.**

Felicidades a...

Porque podería estar dando clases tan tranquila na Universidade coa vida ben arranxada, pero prefire quedar na Xunta e adxudicar obras a ofertas peores e máis caras polo ben de Galicia?, co único consuelo de chapotear de cando en vez nunha piscina enchida co coche de bombeiros municipal nunha casa ilegal




...María José Caride

Eu son como Balbino... Aquel rapaz de aldea... Un ninguén. E ademáis, pobre. Eu son como aquél de quen falaba Neira Vilas en "Memorias dun neno labrego"... Son fillo de labregos e o menor de cinco irmáns. Precisamente por iso, por ser o menor dos cinco irmáns que xa traballaban na casa, tiven a fortuna de que os meus pais me poideran mandar a Santiago a facer os meus estudos de bacharelato. Daquela non había conflitos lingüísticos, nin complexos de identidade de pobo e os estudos impartíanse en castelán na súa práctica totalidade. Costóume verdadeiros esforzos aprender a estudar e relacionarme en castelán, pois únicamente falaba galego, a lingua que tiña mamado na miña casa e na miña aldea. Pero aprendino. Aprendino a falar e aprendino a escribir, mudando dunha lingua a outra según me parece e según me relacionase con uns ou con outros. E, tempo despois, ós 18 anos, cando salín de Galicia por segunda vez, non me sentín extranxeiro no meu propio país, pois podía falar e relacionarme con outros españois sen ningún complexo. Facía uso do bilingüismo ó meu antollo.

Como podedes comprender, amo, sinto, penso e vivo en galego e en Galicia, pero con orgullo de español. E ninguén dos que se autoproclaman salvadores da patria galega me gañan neste sentimento de galegitude. **Ninguén.** Pero pensando o que penso e sentindo como sinto, reivindicoo o meu dereito a expresarme en calquera das dúas miñas linguas segundo me pete. O dereito á libre expresión.

Soy funcionario de la Xunta desde hace quince años. Desde entonces, he concurrido a diversos procesos selectivos, tanto de promoción interna como de libre concurrencia. En todos ellos he elegido la opción de gallego o castellano, sin saber ni yo mismo en cada caso el porqué de escoger esa opción. **Pero sí tenía esa opción.** La Administración, como poder público de un Estado de Derecho, ponía a mi disposición los medios para ejercer libremente la opción de enfrentarme a un examen en la lengua en la que me sintiese más cómodo y seguro. Se trataba, por aquél entonces, de una Administración dirigida por, "seique", un gobierno intolerante y de derechas...



"NON TE QUEIXES, QUE ANTES QUE CONTIGO, TIVEN QUE NEGOCIAR O DECRETO CON QUIN"

Pero tuvimos suerte y, por fin, llegó a la Administración el cambio, con un bigobierno nuevo. Un bigobierno "en positivo", con talante y dispuesto a hacer país y en democracia... Un doble gobierno que, democráticamente, me quiere imponer el uso de una sola lengua; un gobierno que pretende negarme el ejercicio de mi derecho a la libre elección de la lengua en la que tengo que enfrentarme a un examen de promoción profesional y, en consecuencia, promoción económica. Un desgobierno que quiere cercenar mi bilingüismo. **Y yo le digo que NO.**

Y, si con toda la razón, se tildaba de fascista a aquella dictadura que reprendía el uso de mi lengua materna, fascistas son aquéllos que actúan ahora bajo el mismo criterio pero a la inversa. Fascistas, fundamentalistas y acomplejados son aquellos que, con su intolerancia, pretenden negarme el ejercicio de mis libertades. **Pero lo lamentable para ellos es que únicamente lo pueden pretender, porque no lo van a conseguir.**

É lamentable e vergoñento para todo fillo de galego que, ó amparo da bandeira de Galicia, se lle dea pulo ó renacemento dunha nova forma de fascismo. Pero non vos esquezades: Os bos e xenerosos que as nosas voces entenden somos máis e mellores que os ignorantes e féridos e duros, imbéciles e escuros que non nos entenden nada.

Ya lo dijo Voltaire: **Cuando el fanatismo ha gangrenado el cerebro, el mal es casi incurable.**

S.J.N.H.D.Q

Para cando o V Convenio ?

Estamos xa no derradeiro trimestre do ano 2007 e **segue sen saír a luz o esperado V Convenio, un texto cuxa vixencia rematou o 31 de decembro de 2004** e que para maior abondamento está **denunciado polas catro centrais sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSI-CSIF.**

A negociación deste V Convenio é fundamental e afecta a miles de traballadores e traballadoras da Xunta de Galicia que se encontran sen un marco axeitado e vixente para regular á súa situación laboral, vendo como deixan de disfrutar de dereitos que os máis recentes textos legais en materia de persoal lle dan un recoñecemento e que non se poden aplicar por non estar recollidos en dito convenio.

Son moitos os temas pendentes dunha regulación seria e en profundidade, temas prioritarios para o colectivo de laborais e para os que urxe un rápido tratamento, como son, entre outros: o proceso da funcionarización voluntaria, a reclasificación de categorías, a definición de funcións, a xubilación voluntaria, a ampliación da mobilidade voluntaria a distintas categorías coa titulación requirida, a promoción profesional, a situación dos indefinidos, non fixos e temporais, a eliminación dos anexos IV e V que regulan a un persoal con claras discriminacións, a regulación dos tempos de traballo en determinadas categorías (caso dos condutores, entre outros), o establecemento de ratios axeitados nos centros de traballo que están causando un absentismo laboral considerable, etc.

Todo o máis que se fixo foi engadir disposicións transitorias e acordos extraestatutarios para **parchar malamente situacións que requiren dun tratamento moito máis responsable.** Neste punto non podemos deixar de nomear a famosa "disposición adicional novena" que é discriminatoria, diferenciando entre traballadores de primeira e de segunda e xerando malestar e confusión entre todos os traballadores.

O Conselleiro da Presidencia, nun exercicio de abuso e prepotencia parece que esqueceu as súas declaracións do 18 de outubro de 2006, na sinatura do acordo económico, onde asegurou que o V Convenio estaría asinado en decembro dese mesmo ano. E xa choveu dende aquela...

Dende aquí facemos un chamamento para que se tome en serio a renegociación do V Convenio, XA!! e poder ter, o máis axiña posible, un marco legal axeitado que regule a situación dos laborais da Xunta de Galicia.

Que hai de news, vello?

1. Procesos selectivos: OPE 2007:

i. Acceso libre

1. Publicada a lista definitiva de admitidos grupos D e E. Exames na primeira quincena de decembro
2. Grupos A, C e Técnicos auxiliares de informática: pendentes de convocatoria

ii. Promoción interna:

1. Rematado o prazo de presentación de instancias grupos A, B e D. Exames para o 1º trimestre 2008
2. Grupo C: pendente lista provisional de admitidos e excluídos

iii. Administración especial (enxeñeiros de montes, agrónomos, técnicos forestais, técnicos agrícolas e


técnicos industriais): pendente de convocatoria

iv. Ampliación OPE: nove prazas (6 letrados e 3 de enxeñeiros de camiños, canais e portos)

2. Fondo de Acción Social:

i. Do 2006: saíron as listas definitivas no DOG nº 194 do 05/10/2007. Prazo para recorrer do 06/10/2007 ao 06/11/2007

ii. Do 2007: proposta dun gasto que alcanza os 7.232.211 Euros, o que supón un incremento aproximado de 569.070 Euros. Esta cantidade non se achega ao 1 % da masa salarial que é o que pedimos dende CSI-CSIF.



The yellow submarine

En só dous anos

Contan que nun dos primeiros consellos que celebrou o bipartito no ano 2005, os interinos fixeron unha concentración ás portas do Consello da Xunta. Rematado este, cando os Conselleiros se dispoñían a saír, foron asubidos, por mor das medidas que anunciaran que lles ían aplicar. Entón unha das conselleiras, sorprendida, dirixiuse ao Vicepresidente e díxolle: "pero Anxo, ¿como nos asubían a nos?"

A ninguén escapa que cando PSOE e BNG entraron a gobernar contaban co apoio explícito da maior parte dos sindicatos con representación na administración autonómica. Pero só tiveron que transcorrer uns meses para que o novo goberno quitara a careta e puidésemos darnos de conta de que todo o que nos tiñan vendido a bombo e prato era demagogia e engano: drástica redución de altos cargos, de postos reservados a eventuais, das libre designacións, provisión de xefaturas de servizo e outros de nivel inferior a través de concurso, etc. Non tardaron en adoptar medidas contrarias á carreira administrativa dos funcionarios coma a incomprendible apertura de prazas de administración xeral a docentes e funcionarios doutras administracións sen ningún tipo de reciprocidade.

Vendéronos que por primeira vez íase cometer unha profunda reforma da función pública, que permitira convertela nunha auténtica administración profesional e independente, facendo da carreira administrativa o baluarte da promoción profesional. Nesa liña modificaron a lei de función pública que remitiron o Parlamento, que foi aprobada e publicada no DOGA.

Nun alarde de coherencia co espírito nela recollido, déronlle unha volta o calcetín e lanzáronse, coa inestimable colaboración dal-

gún dos sindicatos que lles serviu de mamporreiro, a unha **carreira indiscriminada que superou os 1.000 ceses** (non só subdirectores xerais senon tamén xefes de servizo e incluso xefes de sección ou niveles inferiores).

Como había que cubrir tantas vacantes, fixeron unha gran oferta de emprego público de libre designación, con veto incluído, nomeando no seu lugar, en moitos casos, a funcionarios recién entrados e sen experiencia. Vamos, o que faría calquera empresa sería para cubrir os seus postos de responsabilidade.

¿É que se fixo con moitos destes funcionarios cesados, con experiencia e tantos anos de servizo na administración? Pois a galeras a remar. Nisto consiste a carreira administrativa, despois de correr para adiante, toca correr para atrás ata tocar fondo. Ou sexa, o que se chama a **carreira administrativa de volta sen paracaídas**.

Para consuelo deles, o conselleiro do ramo, como é un home xusto é agradecido cos seus amigos, fai un saio da carreira administrativa e aplica a lei cando lle peta, polo que **anuncia para o ano 2010 (cando el xa non estea) unha gran feira con tómbola de postos incluída**.

Aínda que pareza unha coña, a verdade é que isto é o maior atropelo que se ten feito a carreira administrativa dos funcionarios dende que existe a administración autonómica, pero aquí no pasa nada, todo vale co noso goberno, progresista e de esquerdas, que está a ser amparado polos nosos silenciosos sindicatos de clase. Con razón algo non lle cadra a nosa conselleira nas súas primeiras reunións do Consello de Xunta. ¡Ai, se isto o fixeran outros!

Pepiño Negro



A POSTURA EQUITATIVA DO BNG COA LEI DE FUNCIÓN PÚBLICA

A POSTURA INTERMEDIA DO BNG
No Parlamento votamos SI e apañamos os cartos... e na rúa decimos NON e apañamos votos

"Con ANSÍA de protagonismo" por Suso de Buey

Sorprendente y criticable ha sido la actitud mantenida por el BNG, propia de un partido bananero. Tras votar a favor de la Disposición Adicional 17ª de la nueva Ley de Función Pública se posicionó después, vía medios de comunicación, favorable a su supresión en un alarde más de ese farisaico papel a que el nacionalismo galaico nos tiene acostumbrados de ser gobierno de día (coche oficial, chófer, restaurante caro gratis y ropa de diseño, entre otras prebendas "burguesas" que tanto criticaron antaño) y oposición de noche. Queremos recordaros algunos de los altos cargos del BNG que van a verse favorecidos por esta medida legal:

- 1.- "O QUIN" (Enfermeiro do SERGAS)
- 2.- Alfredo Suárez Canal, Profesor de Secundaria.
- 3.- Ángela Bugallo, Investigadora USC.
- 4.- Encarna Otero Cepeda, Profesora de Secundaria (veremos si renuncia).

DÍXOME DÍXOME

DÍXOME que Touriño está de estrea e que a partir de agora viaxará nun coche que custou 80 millóns de pesetas, o dobre de caro do que usaba Manuel Fraga, e que se xunta aos outros tres audis que xa tiña, un deles para levar á muller ó colexio. Por certo, e referido ao transporte oficial, lonxe queda aquilo de que o parque móbil se nutriría de automóviles fabricados en Galicia

DÍXOME que o marido da Conselleira de Educación cobrou nestes dous anos máis cartos desa Consellería que a propia Conselleira. Que xa é dicir...

DÍXOME que unha destas Conselleiras progres de agora gastou en trapiños en menos dunha hora e nunha mesma tenda a mesma cantidade que a mensualidade dun funcionario tipo A. E non precisamente en moda galega nin en ropa para toda unha tempada...

DIME TI: h.toupeiras@gmail.com

5.- Carmen Adán Villamarín, Profesora de Secundaria

6.- Carlos Aymerich Cano (Portavoz en el Parlamento), Profesor de la UDC.

7.- Francisco Rodríguez, (portavoz en el Congreso), Profesor de Secundaria.

8.- José Luis Bará Torres (DX Cultura), Profesor de Secundaria.

9.- Miguel Ángel Fdez. Lores (Alcalde de Pontevedra), Médico del SERGAS.

10.- Rubén Lois González (DX Turismo), Profesor de la USC.

11.- Antón Losada, curiosamente cesado, justito justito cumplidos los 2 años.

...y muchos más



FALA CON ANTÓN



**HOXE:
TOURIÑO**


- L: ¿Ramón Calderón?
- T: No hombre no, ese cumple más su palabra que yo... Soy Touriño. Se non che importa vou falar en galego que estou a grabar isto e logo quedo mal falando en castelán
- L: Emilio, sólo te conocía la voz por la TVG. ¿Qué quieres?
- T: Era por si aínda gardas a silla e a rasqueta
- L: ¿Por que a rasqueta?
- T: Porque a nosa xa se escarallou con tanto rascar no expediente do Barbanza e agora seica vannos levar a xuízo por pufeiros...
- L: ¿Para que o taburete?

- T: Porque Caride xa ten soga para despois do xuízo, pero non lle chega á viga
- L: ¿La viga que tienes en tu ojo pero que no ves?
- T: ¿Que viga? Eu so vexo as pallas mentais do BNG que bastante teño con tragalas: que si bonecas parlantes, que si horario portugués...
- L: También el BNG se tiene que tragar que vosotros abráis un palleiro que vale millones en Buenos Aires para traficar con el voto... Por cierto, ¿qué tal de viaje por América?
- T: Xenial, sintome como un misionero -laico, por suposto- repartindo papeles, comidas, difeiro...
- L: ¿Pero eso no era lo que tanto criticabas de otros?

- T: ¿E os chiringuitos que vos montastes co Consorcio, as galescolas ou os voluntarios?
- L: ¿Y la TVG manipuladora?
- T: ¿Segues resentido? Se esperamos os dous anos que pactamos para que cobrases o plus...
- L: Promete que no grabais a nadie más
- T: Eu solo prometo falsedades no Parlamento e nos medios. Débome ao meu público
- L: Se te acaba el tiempo y nos ha hecho ni dicho nada inteligente
- T: Podías verme avisado de que só tiña 59 segundos para falar contigo...
- L: Me refiero a los cuatro años como presidente

ASÍ FOI

Reconstrucción dos feitos



1 A Conselleira de Política Territorial, encargada do urbanismo en Galicia, veranea nunha casa ilegal en Camariñas a escasos metros da costa, pero a ela non lle chega con darse un chapuzón no mar

2 O alcalde, socialista, manda encher a piscina do chalé co camiión de bombeiros municipal



3 Final feliz: a Conselleira puido chapotear a gusto e disque frota igualiño que un cadaver (político). Imaxinar as situacións aínda as convirten en máis ridículas

AS 7 DIFERENCIAS

Para adxudicar as obras da Autovía do Barbanza, a Conselleira Caride desestimou o informe técnico independente que non recomendaba a oferta de Sacyr e encargou un segundo informe para axeitar a adxudicación aos seus intereses. Vexamos as diferencias entre un e outro informe:

PRIMEIRO INFORME	INFORME TT&U
Publicado no DOG	Sen publicidade
Concurso público	Procedemento negociado
Aberto a todos	3 candidatos, 2 do mesmo dono
Adxudicado por mesa	Adxudicado a dedo por político
Independientes	Ex xefes e compañeiros da Conselleira
Axustado aos plegos	Axustado aos intereses da Conselleira socialista
En prazo	A toda presa, con prórrogas de amigos

Así que... A XUNTA ACTUAL DEU 1.100 MILLÓNS DE PESETAS AOS MEDIOS EN AXUDAS A DEDO (galiciaconfidencial.com)

ACCIÓN - REACCIÓN

Posibles reaccións despois de ler o número 1 do Herald Toupeiras

- Touriño: "¿...? Dille aos meus 60 asesores que me fagan un resumo."
- Quintana: "Antón, ¿que digo?...Antón? Antón? Antón?!"
- Caride: "Mételes un cuadernillo de publicidad de la CPTOPT a ver si dejan de hablar de mí"
- CIG: "Por fin! Despois de dous anos de bipartito xa precisabamos algo contra o que combatir"
- Antón Losada: "Conmigo en la Xunta no fueron capaces de sacar un boletín"
- Méndez Romeu: "jijijijij"
- Francisco Franco: "Antiespañoles!" / Bieito Lobeira: "Antigalegos!"
- Tereixa Paz: "Menos mal que non dixeron que eu, membro da CIG, permitín co meu voto no Parlamento que se aprobara a Lei de Función Pública..."
- Lola Villarino: "Hai que organizar un sarao no Parlamento para celebralo"

PROGRAMACIÓN TELEVISIÓN DO GOBERNO
07.00: Esperta Touriño
09.00: Churritos con Touriño
11.00: Aló Touriño
13.00: Raxemos do CSIF
14.00: Crónica da mañá de Touriño
17.00: Toma Touriño
19.00: O diario de Touriño
21.00: Crónica da tarde de Touriño
23.00: A Galicia que di Touriño que hai
01.00: Gratifiquemos a Burla Negra e Nunca Máis



CSI-CSIF SERVICIOS CENTRAIS
Central Sindical Independente e do Función

www.toupeiras.blogspot.com h.toupeiras@gmail.com

Edificio Administrativo San Caetano - locais sindicais - Santiago de Compostela - 981545989